[MVAG/MCPP]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes,** o día **19 de xuño de 2024, ás 16:00 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
María Encarnación Amigo Díaz
(Presidenta)
José Manuel Mato Díaz
(Vicepresidente)
Montserrat Valcárcel Armesto
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Raquel Arias Rodríguez
Cristina Campero Dorado
Juan Manuel Casares Gándara
María Dolores Hermelo Piñeiro
(en substitución de Nicole Grueira Fernández)
Noelia Pérez López
Don Ángel Rodríguez Conde
(en substitución de Don Rubén Lorenzo Gómez)
Miguel Ángel Viso Diéguez
(en substitución de María Elena Candia López)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Xosé Luís Bará Torres
Secundino Fernández Fernández
Ariadna Fernández González
Sonia Vidal Lamas
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Lara Méndez López
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo
Comparecentes:
Director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria – AGACAL
Letrada:
María Vicenta Aneiros González

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as posibles substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión e pásase ao debate da primeira iniciativa:

Punto 1. Preguntas

1.1 483 (12/POC-000015)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e 8 máis
Sobre a situación do banco de xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo logo da súa rehabilitación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11f1, do 15.04.2024

(Presentouse escrito de autorización polo G.P. Popular de Galicia, para a formulación da iniciativa, doc. 5914)

A señora presidenta concédelle a palabra ao señor Casares Gándara (P), quen expón as razóns nas que se basea a cuestión concreta que figura na iniciativa expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se refire.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o señor director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria - AGACAL (Consellería de Medio Rural), Martín Alemparte Vidal.

Na rolda de réplica o señor Casares Gándara (P) agradece a información recibida, que comenta brevemente con novas consideracións ao respecto.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención de do señor director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria- AGACAL (Consellería de Medio Rural), Martín Alemparte Vidal, quen contesta ás consideracións formuladas.

A señora presidenta agradécelle ao señor Alemparte Vidal, a súa presenza e colaboración cos traballos desta Comisión e descúlpao de seguir na sesión ata unha vindeira ocasión.

A seguir, pásase ao debate da segunda iniciativa:

1.2 3888 (12/POC-000576)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat
Sobre as previsións do Goberno galego verbo da reactivación e o fortalecemento do Centro de Investigacións Forestais de Lourizán, o departamento do organigrama autonómico que asumirá as

PARLAMENTO DE GALICIA

competencias sobre este centro e a ampliación das súas liñas de traballo considerando o actual contexto de cambio climático
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28f2, do 22.05.2024

A señora presidenta concédelle a palabra ao señor Bará Torres (BNG), quen expón as razóns nas que se basean as cuestións concretas que se conteñen na iniciativa sobre o Centro de Investigacións Forestais de Lourizán.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o señor secretario xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético (Consellería de Economía e Industria), Nicolás Vázquez Iglesias.

Na rolda de réplica o señor Bará Torres (BNG) expón diferentes consideracións a respecto da información recibida, á vez que se reitera na formulación dalgunhas cuestións que considera non respondidas.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención o señor secretario xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético (Consellería de Economía e Industria), Nicolás Vázquez Iglesias, quen contesta ás cuestións formuladas.

A señora presidenta agradécelle ao señor Vázquez Iglesias, a súa presenza e colaboración cos traballos desta Comisión e descúlpao de seguir na sesión da que se ausenta.

A continuación, éntrase no desenvolvemento do punto segundo e pásase ao debate da primeira iniciativa:

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 467 (12/PNC-000020)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central co fin de que modifique o Real decreto 637/2021, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, no que concirne ás explotacións de autoconsumo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9f2, do 11.04.2024

A señora presidenta concédelle a palabra ao señor Viso Diéguez, Miguel Ángel (P), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso expresándose en termos semellantes aos que figuran por escrito e que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se refire.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento fan uso da palabra as señoras:

Méndez López (S) e Fernández González (BNG); ambas intervenientes deixan constancia das súas argumentacións ao respecto co pronunciamento da abstención de voto dos seus respectivos grupos (nesta rolda de intervencións o señor Ojea Bouzo (M) declinou a súa intervención).

Na rolda de puntualizacións o señor Viso Diéguez (P), logo de puntualizar a súa intervención anterior, expón diversas consideracións a respecto das argumentacións das anteriores intervenientes e insiste na defensa da súa proposta.

A seguir, pásase ao debate da segunda iniciativa:

2.2 2926 (12/PNC-000369)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as liñas básicas do plan estratéxico que debe executar a Xunta de Galicia na súa política de loita contra a praga da avespa asiática
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 22f1, do 08.05.2024

A señora presidenta concédelle a palabra á señora Méndez López (S), quen procede á formulación e defensa desta proposición non de lei que insta o Goberno galego sobre as medidas a ter en conta na súa política de loita contra a praga da avespa asiática.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento fan uso da palabra: o señor Ojea Bouzo (M), a señora Vilas Lamas (BNG) e a señora Arias Rodríguez (P); ambos intervenientes expoñen as súas argumentacións ao respecto e anuncian o seu voto favorable o voceiro do G.P. Mixto e a voceira do G.P. do BNG, mentres que a voceira do G.P. Popular de Galicia, motiva as razóns do seu rexeitamento.

Na rolda de puntualizacións a señora Méndez López (S), comenta as argumentacións das anteriores intervencións e insiste na defensa da súa proposta.

Deseguido, pásase ao debate da terceira iniciativa:

2.3 4874 (12/PNC-000592)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego no modelo organizativo dos dispositivos de loita contra os incendios forestais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 34f1, do 05.06.2024

A señora presidenta concédelle a palabra á señora Rodríguez Dacosta (S), quen procede á formulación e defensa desta proposición non de lei que insta o Goberno galego sobre

PARLAMENTO DE GALICIA

as modificacións que debe realizar no modelo organizativo dos dispositivos de loita contra os incendios forestais.

A esta iniciativa tampouco se presentaron emendas, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar a súa posición intervén, en primeiro lugar, a señora Valcárcel Armesto (BNG), quen, previo abandono do seu lugar da Mesa da Comisión, de conformidade co establecido no artigo 82 do Regulamento da Cámara, expón as súas argumentacións ao respecto co pronunciamento favorable do seu grupo á proposta formulada.

En segundo lugar, intervén o señor Rodríguez Conde (P), quen expón diferentes consideracións a respecto das anteriores intervencións e xustifica os motivos polos que o seu grupo non vai apoiar a precitada proposta.

(Nesta rolda de intervencións o señor Ojea Bouzo (M) declinou a súa intervención)

Na rolda de puntualizacións a señora Rodríguez Dacosta (S) reitera a defensa da súa proposta e agradece o apoio amosado polo grupo da oposición.

Finalmente, pásase ao debate da cuarta iniciativa:

2.4 **5014 (12/PNC-000603)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 3 máis
Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe impulsar neste ano 2024 en materia de formación continua no sector agroforestal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 34f1, do 05.06.2024

A señora presidenta concédelle a palabra ao señor Fernández Fernández (BNG), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa que insta o goberno galego sobre as medidas a ter en conta en materia de formación continua no sector agroforestal 2024.

Tampouco se presentaron emendas a esta proposición non de lei, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar a súa posición, fan uso da palabra as señoras: Rodríguez Dacosta (S) e Campero Dorado (P); ambas intervenientes, logo de expoñer súas argumentacións ao respecto, anuncia o voto favorable do seu grupo a voceira do G.P. dos Socialistas de Galicia, mentres que a voceira do G.P. Popular de Galicia amosa os motivos do seu rexeitamento (Nesta rolda de intervencións o señor Ojea Bouzo (M) non fixo uso da palabra).

Na rolda de puntualizacións o señor Fernández Fernández (BNG) expón diferentes consideracións a respecto das argumentacións da voceira do G.P. Popular de Galicia e insiste na defensa da súa proposta.

PARLAMENTO DE GALICIA

Ao esgotarse o debate das iniciativas, a señora presidenta dá paso ao trámite das votacións das proposicións non de lei, pola súa orde e cos resultados que se reflicten a seguir:

1) Iniciativa, **doc. 467 (12/PNC-000020), do G.P. Popular de Galicia**; sométese a votación e resulta **aprobada** sen modificacións por:

. votos a favor ..... 10 (GG.PP. P+M)
. votos en contra..... 0
. abstencións.. 7(GG.PP. BNG+S)

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación que modifique o Real decreto 637/2021, do 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, para suprimir a obrigatoriedade de rexistro das explotacións avícolas para autoconsumo, agás decisión da autoridade competente naquelas explotacións en función do risco sanitario ou criterios de ordenación sectorial da Comunidade Autónoma."

2) Iniciativa, **doc. 2926 (12/PNC-000369), do G.P. dos Socialistas de Galicia**; sométese a votación e resulta **rexeitada** por:

. votos a favor ..... 8 (GG.PP. BNG+S+M)
. votos en contra..... 9 (G.P. P)
. abstencións.. 0

3) Iniciativa, **doc. 4874 (12/PNC-000592), do G.P. dos Socialistas de Galicia;** sométese a votación e resulta **rexeitada** por:

. votos a favor ..... 8 (GG.PP. BNG+S+M)
. votos en contra..... 9 (G.P. P)
. abstencións.. 0

4) Iniciativa, **doc. 5014 (12/PNC-000603), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego**; sométese a votación e resulta **rexeitada** por:

. votos a favor ..... 8 (GG.PP. BNG+S+M)
. votos en contra..... 9 (G.P. P)
. abstencións.. 0

PARLAMENTO DE GALICIA

Sen máis asuntos que tratar, a señora presidenta levanta a sesión.

Remata a sesión ás 19:10 horas.

María Encarnación Amigo Díaz

Firmado digitalmente por María Encarnación Amigo Díaz
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María Encarnación Amigo Díaz, email=maria.amigo.diaz@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.08.23 12:49:00 +02'00'

María Encarnación Amigo Díaz
Presidenta da Comisión

Montserrat Valcárcel Armesto

Firmado digitalmente por Montserrat Valcárcel Armesto
Fecha: 2024.08.23 10:55:21 +02'00'

Montserrat Valcárcel Armesto
Secretaria da Comisión